



Xosé María Álvarez Cáccamo é, de todos os poetas da chamada xeración dos 80, o de relación máis estreita con Revista das Letras, na que colabora desde o número dous e para a que coordinou algúns dos monográficos. Sen embargo, as súas más singulares e espectaculares achegas son os manuscritos de seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. O último exemplo foi o monográfico que lle dedicou o pasado decembro ó 50 aniversario do Cancioneiro de Monfero. Outra das rarezas que o suplemento ten nos fondos gracias a Cáccamo é o intercambio epistolar entre Blázquez e Fermín Bouza-Brey.

## X.M. Álvarez Cáccamo Por vontade

Por vontade,  
pola construcción de pedra e chumbo que é material de  
constancia,  
porque está escrito na vontade dos números do meu na-  
cemento,

Pero non pola natureza da atmósfera,  
pero non polo arrecendo a femia que baixa das pombas  
terrestres,  
pero non polo amor como brisa de cervos  
que buscan a poza das fragas dormidas.

Pola pedra da voz que preciso,  
pola altura do vento na sombra,  
polo traballo vagaroso da carpintería branca

seguirei nomeando os labores opacos  
que fan o cimento da casa do mundo,

pero non pola gracia dos ouros e amentos  
que marcan no lonxe o xentío das árbores novas,  
pero non pola ciencia sen fórmulas  
que pouxa na praia entre inversas marxes unha lúa anco-  
rada.

Por vontade  
seguirei frente á mesa de vidro  
para sempre  
e de aquí, deste mar clausurado,  
algún día  
colleredes o corpo final,  
gañador do silencio.